

# DIA DAS LETRAS GALEGAS

dedicado a  
Carvalho Calero

17  
MAIO  
2020



Monumento a Ricardo Carvalho Calero en Santiago de Compostela. Obra de Jose Molares

SeminarioGalicia.org

Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

deseño: Adrián Ferrero



# RICARDO CARVALHO CALERO



**LETRAS GALEGAS**  
**17 DE MAIO DE 2020**

*SeminarioGalaxia.com*



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



**RICARDO CARVALHO CALERO**

RICARDO CARVALHO CALERO FOI CRÍTICO LITERARIO, FILÓLOGO, HISTORIADOR DA LITERATURA GALEGA, LINGÜISTA, NOVELISTA... E O PRIMEIRO CATEDRÁTICO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA DA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ. A EL DEDICÁMOSLLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DESTE ANO.



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

*Seminario Galán.org*

**LETRAS GALEGAS 2020**



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com





RICARDO CARVALHO NACEU NA CIDADE DE FERROL O 30 DE OUTUBRO DE 1910. ERA O PRIMOXÉNITO DE GABRIEL RICARDO E M<sup>a</sup> DOLORES, QUE TIVERON CINCO FILLOS MÁIS. A SÚA NAI APRENDEULLE A LER USANDO AS PÁXINAS DO XORNAL.



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




O ENSINO PRIMARIO REALIZOUNO EN FERROL, NUNHA ESCOLA DA RÚA MAGDALENA E DESPOIS NUN COLEXIO DIRIXIDO POLO ESCRITOR MANUEL COMELLAS.  
O BACHARELATO FÍXOO «POR LIBRE», REALIZANDO EXAMES EN VARIOS INSTITUTOS.



3



# RICARDO CARVALHO CALERO



GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



4



EN 1931 REMATOU A CARREIRA DE DEREITO NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO, COA CUALIFICACIÓN DE SOBRESALIENTE, FACENDO OS CINCO CURSOS DA CARREIRA EN SÓ CATRO ANOS. FOI O ENCARGADO DE PRONUNCIAR O DISCURSO DE INAUGURACIÓN DO CURSO 1930-1931.



r. carballo calero  
historia de  
la literatu-  
ra gallega  
contempo-  
ranea  
tomo I

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



5




AO CHEGAR A SANTIAGO ENTROU A FORMAR PARTE DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, CREADO EN 1923 CO OBOJECTIVO DE ESTUDAR E DIVULGAR O PATRIMONIO E A CULTURA GALEGA. NESTE GRUPO RICARDO CHEGARÍA A SER CONSELLEIRO E SECRETARIO XERAL.



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



6



EN SANTIAGO REALIZOU O SERVIZO MILITAR OBRIGATORIO. UNS ANOS DESPOIS, EN 1936, PARTICI-  
POU NA GUERRA CIVIL CONTRA OS MILITARES GOLPISTAS E DEFENDENDO A REPÚBLICA.  
FOI DETIDO E CONDENADO A DOCE ANOS DE CÁRCERE, DOS QUE SÓ CUMPRIU DOUS.



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



AO VOLTAR A GALIZA ENTROU A TRABALLAR NO COLEXIO FINGOI, DE LUGO, ONDE ESTIVO COMO PROFESOR E CONSELLEIRO DELEGADO DURANTE QUINCE ANOS. COORDINOU O CENTRO DE ESTUDOS FINGOI QUE PUBLICOU LIBROS EN GALEGO.



## **A xente da Barreira**

### XIV

#### O maragato

Na casa da Graña, onde noutroa don Ramón Frade, o primeiro señor da Barreira, arranxara un alpendre para o Breixo e a Ludivina, vivía agora un arrieiro maragato -Pedro o seu nome- que coas súas mulas traguía e levaba as cousas entre Souto e a Fontanela. En Souto carregaba sal, trigo, pemento, as boticas que lle pedían polo camiño e que logo ía deixando ao longo del. Da Fontanela voltaba co viño de Cabreiros para os señores da Barreira.

Poucas veces o arrieiro gozaba do lume da Graña.



*Ricardo Carballo Calero*




*A xente da Barreira* É A PRIMEIRA NOVELA EN IDIOMA GALEGO PUBLICADA DESPOIS DA GUERRA CIVIL. PUBLICOUSE EN 1951 POLA EDITORIAL BIBLIÓFILOS GALEGOS. NA NOVELA CÓNTASE A HISTORIA DUNHA FAMILIA FIDALGA RURAL, OS FRADE DE EIRÍS.



## **As pitas baixo a choiva**

Non. Digades o que queirades, os galos non son agora tan fermosos como nos tempos da miña nenez. Os galos que hoxe vexo, son brancos, grises; as cristas, pequeneiras e moradas, as colas, como de galiña, curtas, raquílicas. Cando eu era un cativo, outros galos nos cantaban. Eran unhas aves ergueitas, lanzais, maxestosas. Cristas vermellas que pandeaban co pesadume, feros peteiros, ollos acesos, colo tornasolado de lene e brando plumaxe, podentes ás, esporas douradas; e a cola un chafarís de lumes e de sombras, con aquelas longas penas, curvadas como caxatos, como báculos de pegureiros, de bispos orientais.



*Ricardo Calero*



*As pitas baixo a choiva* NARRA UN FEITO QUE LLE ACONTECEU A RICARDO CANDO ERA NENO E INTENTABA METER AS PITAS NO GALIÑEIRO PARA QUE NON SE MOLLARAN. AO FINAL ACABAN TODOS MOLLADOS. O RELATO FOI PUBLICADO NA REVISTA *LAR* NO ANO 1952.



## Farsa das zocas

ESCEA II

*Curtiña. De noite. Delfino, só.*

### DELFINO

Eu son o tío Delfino de Outeiro, para servir a vostedes. Esta é a miña curtiña. Esta é a miña colmea. A estas horas estou durmindo todas as noites. Hoxe quixen dar unha volta por aquí denantes de me deitar. E como a noite é tépeda, quixen fumar un pito ao fresco. Bo mel ten a miña colmea. As miñas abellas son as mellores da parroquia. Verdade é que na parroquia hai poucos enxamios. Pero dos poucos, o meu é o mellor. Vendo o mel na vila. Páganme ben. O meu pito rematou. Voume deitar. Boas noites, miñas donas; boas noites, meus señores.



*Ricardo Carballo Calero*

*Vaise pola dereita. Entran pola esquerda a Divina e o Breixo.*

EN *Catro pezas*, PUBLICADO POLA EDITORIAL GALAXIA EN 1971, RECOLLENSE OBRAS TEATRAIS DE RICARDO CARVALHO. «A farsa das zocas», UNHA DESTAS PEZAS, É QUIZAIS A MÁIS COÑECIDA E REPRESENTADA.



**10**



## Contos populares da provincia de Lugo

### O andaluz e o galego

Unha vez era un andaluz e un galego, que ían xuntos no tren, meténdose pullas un ao outro, e o andaluz díxolle ao galego:


*-En mi tierra vi un repollo tan grande que ocupaba una extensión de cuatro kilómetros cuadrados.*

Entón díxolle o galego:

*-Pois na miña terra están a facer unha caldeira tan grande que traballan nela cen latoeiros e non se sinten uns aos outros golpear cos martelos.*

*-¿Y para que iban «haser» una «cardera» tan grande?*

*-Para cocer o teu repolo -constestoulle o galego con moita retranca.*




*R. Carvalho Calero*

OS *Contos populares da provincia de Lugo* FORON RECOLLIDOS POLO PROFESORADO DE PRIMARIA DOS BEIZOS DA RAPAZADA DOS SEUS COLEXIOS E PUBLICADOS POLO CENTRO DE ESTUDOS FINGOI. A PRIMEIRA EDICIÓN, EN 1963, CONSTABA DE 300 CONTOS.



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




ENTROU A TRABALLAR COMO PROFESOR NO INSTITUTO ROSALÍA DE CASTRO DE SANTIAGO EN 1965 E EN 1972 APROBOU AS OPOSICIÓNS Á CÁTEDRA DE LINGUA E LITERATURA GALEGA DA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ CONVERTÉNDOSE NO PRIMEIRO CATEDRÁTICO DESTA ESPECIALIDADE.



# RICARDO CARVALHO CALERO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN 1966 APARECE, PUBLICADA POLA EDITORIAL GALAXIA, A PRIMEIRA EDICIÓN DA SÚA *Gramática elemental del gallego común*, UN MATERIAL DIDÁCTICO INEXISTENTE NESES ANOS E QUE SERÍA REEDITADO SETE VECES.



## **Gramática elemental del gallego común**

### 7. Galego coloquial e galego literario

O galego fálase hoxe no territorio das catro provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e, fóra destes límites administrativos, naquelas zonas das provincias limítrofes de Asturias, León e Zamora que caen dentro da rexión natural galega, aínda que os límites lingüísticos non coinciden exactamente cos límites xeográficos físicos.

...

Fóra da península, o galego vive nas colonias de emigrados, nomeadamente en América, onde mesmo ten importancia como lingua literaria.




*Ricardo Carballo Calero*



*Gramática elemental del gallego común*, ESCRITA POR RICARDO CARVALHO E PUBLICADA EN 1966, ESTABA DIRIXIDA AO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE E AO PROFESORADO DE PRIMARIA QUE, DAQUELA, NON TIÑAN UNHA GRAMÁTICA NO NOSO IDIOMA.





GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



15



RICARDO ESTÁ CONSIDERADO COMO O IDEÓLOGO DO «REINTEGRACIONISMO», UNHA CORRENTE LINGÜÍSTICA QUE DEFENDE QUE O GALEGO É UNHA VARIANTE DO PORTUGUÉS E PROPÓN O USO DUNHA GRAFÍA BASEADA NA NORMATIVA PORTUGUESA.



# Scórpio

XXIII

Socorro

Pasamos estes primeiros días de verán na casa de Cabana, á beira do mar. Papá e a súa xente non chegarían ata o próximo mes. Artur pasa moitos días connosco cando o servizo llo permite. Os nenos medran sans. A cociñeira e a neneira quérennos moito. Eu vou moitas veces ata o peirao a acompañar a Artur cando colle a lancha para Ferrol, e Felicia leva ao neno menor no colo e ao maior da man. Voltamos as dúas mulleres e os dous cativos respirando o vento mareiro e algunhas veces subimos ao souto de San Antón e alí estamos ata a hora do almorzo.



*R. Carvalho Calero*



A NOVELA *Scórpio* PUBLICOUSE EN 1987 POR SOTELO BRANCO EDICIÓNS E ACADOU O PREMIO DA CRÍTICA DE NARRATIVA GALEGA DESE MESMO ANO. O TEXTO CONTÉN NUMEROSOS ELEMENTOS AUTOBIOGRÁFICOS DO PROPIO CARVALHO CALERO.



# RICARDO CARVALHO CALERO



**DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2020**

SeminarioGalán.org

Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL